NADA-CORRE ORTIGUEIRA

(Zona1 – Carballo,Coruña, Ferrol, Lugo)

10 DECEMBRO 2016, 15:00 horas

REGULAMENTO OFICIAL

ORGANIZAN:

Club Natación Cedeira Muebles García

Federación Galega de Triatlón e Pentatlón Moderno

COLABORAN:

Concello de Ortigueira

Protección Civil de

Ortigueira Policía Local de

Ortigueira

Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia

Prueba-T

PATROCINAN:

Muebles y Carpintería García

Supermercados Consum

Ortigueira Supermercado Gadis

Ortigueira

DATA, HORA E LUGAR:

Sábado, 10 de decembro 2016

Quecemento natación: 15:00 horas.

Inicio natación: 15:30 horas

Quecemento carreira: 16:50 horas

Inicia carreira: 17:20 horas

Piscina Municipal de Ortigueira

SECRETARÍA COMPETICIÓN:

Piscina Municipal de Ortigueira

DISTANCIAS E HORARIOS APROXIMADOS:

CATEGORÍA	ANO	NATACIÓN	CARREIRA	HORA NATACIÓN	HORA CARREIRA
PREBENXAMÍN	2009-2010	25m	250m (1/2 volta)	15:30	17:20
BENXAMÍN	2007-2008	50m	500m (1 volta)	15:40	17:30
ALEVÍN	2005-2006	100m	500m (1 volta)	15:54	17:40
INFANTIL	2003-2004	200m	1000m (2 voltas)	16:10	17:50
CADETE	2000-2001-2002	400m	2000m (4 voltas)	16:35	18:10

- Horarios aproximados

(*A categoría de paratríatlon e prebenxamín ao igual que a Cadete estará enmarcada no programa de Tecnificación, -Actividade Deportiva Federada Escolar- organizado pola Federación Galega de Triatlón, podendo participar deportistas con licenza federativa nados nos anos 2000 e 2009-2010 ou comprendidos nesas idades con discapacidade recoñecida)*

INSCRICIÓNS GRATUÍTAS:

Data límite martes 6 de decembro.

Formalizarase enviando nun excel: DNI, nome, apelidos, data de nacemento, club e tempo de natación, á Federación a través de email (fegatri@hotmail.com) ou fax (982 109 800). Cada entidade identificará un responsable, delegado ou delegada con teléfono e email.

Os clubs deben previamente formalizar a alta/ mutualización no programa ***XOGADE*** (Xogos Galegos Deportivos) en Idade Escolar, a través da páxina Web: deportegalego.es, dentro do programa: xogade.xunta.gal

Comunicación de baixas

Estas deben ser comunicadas antes das 20:00 horas do mércores anterior á proba (7 de decembro). As baixas non comunicadas en prazo serán penalizadas.

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.

A listaxe de confirmación da inscrición subirase á páxina web da FEGATRI, o xoves .

CRONOMETRAXE:

Haberá cronometraxe con chip para a carreira a pé. O chip deberá ser devolto ao término da carreira.

Saída e meta da carreira a pé:

Zona de aparcamentos e arredores da piscina municipal de Ortigueira.

Recollida de dorsais e chips:

En secretaría de competición de 14:00 h. a 14:45 h do día da proba.

Premios:

Premios para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría, masculino e feminino.

Normas de competición

A carreira rexerase segundo as normativas vixentes do programa XOGADE para a especialidade e con carácter supletorio Regulamento Oficial de Competición da Federación Galega de Tríatlon e normativa vixente da FETRI

http://fegatri.org/federacion/estatutos/regulamentos/

http://triatlon.org/triweb/wp-content/uploads/2016/01/Circular.2.16.Competiciones.Reglamento-de-Competiciones-2016.pdf
http://triatlon.org/triweb/wp-content/uploads/2016/01/3.2016.FETRI_.Competiciones.Reglamento-de-Competiciones.v.2016.pdf

Norma anti-residuos

Tódolos depositados nos avituallamentos habilitados, aplicarase a sanción regulamentaria a envases, bidóns de ciclismo, botellas, latas, papeis…..deberán ser quen non o faga así.
Colabora para deixar os circuítos igual que estaban antes do paso da carreira.

Seguridade e asistencia médica

A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Policía local e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba; no obstante todo participante respectará as normas de Circulación e Seguridade Viaria.
Os servizos médicos da organización destinados ó longo do percorrido, estarán autorizados a retirar a calquera participante por razóns médicas. Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido do ciclismo para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sinais luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre os triatletas, os que deberán ceder o paso.

Vehículos autorizados

Os vehículos motorizados, bicicletas ou patinadores que non pertenzan a organización non poderán transitar polos circuítos da proba. Aqueles que realicen o seguimento das probas, levarán unha identificación visible en todo momento. O feito de recibir axuda externa distinta da que aporta a organización ou facerse acompañar por algún vehículo, bicicleta, patinador ou corredor suporá a descualificación do participante.

Reclamacións e apelacións

Segundo o regulamento oficial de competición

Civismo e respecto

Os participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense honestamente a non anticiparse ao momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta. Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes. Comprométense tamén a tratalo material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os xuíces e oficiais para que sexa motivo de amoestación. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade viaria, co fin de evitar situacións perigosas que carreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.

NOTA

A organización resérvase o dereito de modificar, sen previo aviso, calquer aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do evento.

CLUB NATACION CEDEIRA

Muebles y Carpintería

MC S.L. GARCÍA, S.L.

Protección Civil

prueba-T

Concello de Ortigueira

Concellería de Deporte e Mocidade